

PREGUNTA DE AER SOBRE O PATRIMONIO DE RANDE

PLENO 4 XULLO 2013. ACTA 13/2013

A Agrupación de Electores de Redondela presentou para o pleno ordinario de xaneiro unha moción co fin de preservar o patrimonio histórico e cultural de Rande, que acordaba solicitar á Xunta a incoación de expediente para a declaración de Ben de Interese Cultural dos restos da Fortaleza de Rande, así como o “Cargadeiro do Alemán”, o xacemento arqueolóxico dos Pecios da Batalla e do Contorno de Rande. Esta moción non puido aprobarse ata abril porque o pleno de xaneiro non se puido rematar e despois houbo que suspender varios plenos polas protestas dos afectados polas preferentes. Informóusenos que xa antes de aprobar a moción, mediante unha resolución da alcaldía, o Concello xa fixera esta petición á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pertencente á Consellería de Cultura da Xunta. Solicitamos por rexistro do Concello o día 15 de maio a copia desta resolución, na que puidemos ver que a petición data do 7 de febreiro.

Vendo o pouco tempo que se tardou en declarar a festa do Choco como de interese cultural e vendo que pasaron xa case 5 meses dende esta petición sobre Rande, preguntamos:

Teñen algunha resposta dende a Xunta ou saben se están facendo algunha xestión ao respecto?

O concelleiro Alonso Monteagudo di que se enviou a petición á Dirección Xeral e dixeron que teñen moitísimas solicitudes e a ésta aínda non se chegou por orde de entrada. Está pendente.